

# **NORMATIVA DE MODIFICACIÓN E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**(Claustro 20-11-2014)**

Primeiro. A Comisión encargada da elaboración do texto de adaptación dos Estatutos presentará ante o Presidente da Mesa do Claustro o anteproxecto do texto.

Segundo. O anteproxecto remitirase a todos os claustrais e abrirase un prazo dun mes para a presentación de emendas.

As emendas, que deberán estar avaladas pola sinatura e DNI de polo menos 10 claustrais, poderán consistir na supresión, modificación ou inclusión de artigos. Nestes últimos casos deberá propoñerse un texto alternativo, que virá acompañado da argumentación en que se fundamente para o seu debate na Comisión.

O texto do anteproxecto publicarase asemade na páxina web da Secretaría Xeral no apartado de “Información Pública”, podendo os membros da comunidade universitaria presentar emendas, sempre e cando estean avaladas polo menos pola sinatura de 25 membros da comunidade universitaria.

As emendas remitiranse ao Presidente da Mesa do Claustro en formato electrónico antes das 14 horas do día en que remate o prazo previsto.

Terceiro. A Comisión debaterá as emendas presentadas e, no seu caso, as someterá a votación. A emenda entenderase aprobada se obtén o voto da maioría dos membros da Comisión.

Cuarto. Elaborado o anteproxecto pola Comisión, convocarase a todos os membros do Claustro para o seu debate e aprobación, se procede.

Quinto. A aprobación da modificación dos Estatutos requirirá, en primeira votación, o voto favorable da maioría absoluta do Claustro, ou dos dous terzos dos claustrais presentes en segunda, sempre que o número destes sexa igual ou superior á metade dos membros do Claustro.

Sexto. As modificacións aprobadas serán elevadas ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa aprobación e, se é o caso, a publicación no DOG.

Disposición derogatoria. Quedan derogadas as normativas de elaboración e aprobación dos Estatutos aprobadas nas sesións do Claustro Universitario de data 13 de decembro de 2002, 12 de febreiro de 2003 e 17 de marzo de 2009.

Disposición final. Esta normativa entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Claustro Universitario.

## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ENCARGADA DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Comisión presidida polo Reitor, ou persoa en quen delegue, e 15 membros elixidos no Claustro Universitario:

- Presidente
- 7 representantes do PDI-A
- 2 representante do PDI –B
- 4 representantes do estudantado
- 2 representante do PAS

A comisión elixirá a un dos seus membros que actuará como secretario ou secretaria, que levantará acta dos acordos tomados en cada sesión.